

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 18 de xullo de 2012, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as solicitudes de axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes, convocadas pola Resolución do 5 de xaneiro de 2012 e cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Pola Resolución do 5 de xaneiro de 2012 da Secretaría Xeral da Igualdade (DOG núm. 17, do 25 de xaneiro), convocáronse as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes para o ano 2012.

Segundo o artigo 10.4 das bases reguladoras, establecidas na Resolución do 10 de maio de 2011 (DOG núm. 96, do 19 de maio) e de conformidade co establecido no artigo 59.6.b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a notificación individual das resolucións das axudas poderá ser substituída pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

Unha vez rematada a fase de instrución das solicitudes recibidas na Secretaría Xeral da Igualdade, avaliadas as solicitudes pola comisión de valoración prevista no artigo 8 das bases reguladoras, vista a proposta de resolución formulada polo órgano instrutor e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder as axudas e subvencións económicas para o financiamento das actuacións que se indican no anexo I, con indicación do programa cofinanciado, o tope de axuda ou tope de gasto subvencionable, a contía da concesión e o tipo de axuda e/ou tipo de gasto subvencionado, a favor das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, como consecuencia da aplicación dos criterios establecidos no artigo 9 das bases reguladoras, por un importe total de 889.583,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.313B.481.2 (código de proxecto 2011 00104) dos orzamentos vixentes deste departamento. Estas axudas están cofinanciadas ao 80 % con fondos FSE no Programa operativo de Galicia 2007-2013, eixe 2 tema prioritario 71.

Segundo. Excluir e declarar desistidas as solicitudes que se relacionan no anexo II, con indicación da causa específica, por non cumprir o requisito de emenda e/ou achega dos documentos preceptivos no prazo establecido, segundo o disposto no artigo 7 das bases reguladoras, ou ben por non cumprir os requisitos establecidos no artigo 1 das bases reguladoras ao tratarse de propostas carentes de todos os requisitos necesarios de definición e desenvolvemento exixidos para as accións dos programas e recursos para mulleres susceptibles de inclusión no ámbito da convocatoria.

Terceiro. De conformidade co artigo 17.2 das bases reguladoras realizarase un primeiro pagamento do 80 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, unha vez publicada a resolución de concesión. O 20 % restante, ou a parte que corresponda, librarase logo da completa xustificación polas entidades beneficiarias do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e demais condicións exixidas na Resolución do 10 de maio de 2011.

Cuarto. Informar as entidades beneficiarias que a obtención de axuda comunitaria implica a aparición na lista pública de persoas beneficiarias que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2.d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007) e que na devandita lista figurarán os datos de identidade ou denominación social, das operacións e da contía de fondos públicos asignada a cada operación.

Quinto. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado. Non obstante, os gastos financiados ao abeiro da convocatoria non poderán acollerse a outras axudas procedentes do Fondo Social Europeo ou doutros fondos ou instrumentos financeiros comunitarios.

Sexto. A data límite de presentación da xustificación dos gastos efectuados será o 30 de novembro de 2012 e realizarase de acordo co establecido no artigo 16 das bases reguladoras. As entidades beneficiarias presentarán, conforme o disposto nese artigo, a documentación acreditativa que se sinala, nun único exemplar orixinal:

a) Solicitude de cobramento formulada no anexo IX (publicado na Resolución do 10 de maio de 2011, DOG do 19 maio).

b) Certificado de gasto realizado no anexo X (as entidades beneficiarias que teñan que incluír un elevado número de xustificantes poden optar por presentar este certificado no

formulario oficial publicado na Resolución do 10 de maio de 2011, DOG do 19 de maio, ou ben nun elaborado por elas adaptado ao volume de documentos. Neste caso teñen que respectar exactamente o modelo sen excluír ningún dos datos nel exixidos, en caso contrario será rexeitado). Nesta certificación teñen que incluírse todos os gastos do proxecto segundo o indicado pola entidade na súa solicitude, independentemente de seren gastos subvencionables.

c) Declaración de axudas actualizada na data de xustificación no anexo V publicado na Resolución de 5 de xaneiro de 2012, DOG do 25 de xaneiro.

d) Memoria xustificativa en formato electrónico. A memoria elaborárase seguindo as indicacións fixadas nas bases reguladoras e xuntarásele copia das enquisas de satisfacción cubertas polas mulleres beneficiarias das accións integradas do programa. Cada entidade beneficiaria elaborará e remitirá, por correo electrónico, o modelo de enquisa para a súa supervisión á Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade. Así mesmo, como documento anexo á memoria, as entidades beneficiarias incluírán a relación de mulleres beneficiarias que conterá os datos de identidade e residencia para os únicos efectos da realización das accións de control establecidas na normativa aplicable, consonte co disposto no artigo 6.4 das bases reguladoras.

e) Fotografías do lugar de realización da acción.

f) As entidades que sexan beneficiarias de axudas por ocupación presentarán, xunto coa documentación anterior, certificación de estadias na cal constará cada número de entrada co número de días de estadia correspondentes e a data de entrada e de saída, a certificación comprenderá as estadias atendidas entre o 1 de decembro de 2011 e o 30 de novembro de 2012 como máximo.

g) As entidades que sexan beneficiarias de axudas tipo incentivo presentarán, xunto cos documentos sinalados nas letras a), b), c), d), e), certificación do importe dos custos de persoal no anexo VIII publicado na Resolución do 5 de xaneiro de 2012, DOG do 25 de xaneiro e informe de vida laboral das persoas traballadoras que se inclúan nese certificado que reflecta a alta desde o inicio da contratación.

h) As entidades que sexan beneficiarias de subvención por gasto corrente e de persoal presentarán, xunto cos documentos sinalados nas letras a), b), c), d), e), as facturas orixinais (ou documentos de valor probatorio equivalente) acreditativas dos gastos correntes e de persoal subvencionables xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu paga-

mento, presentarase ordenadas conforme a relación clasificada dos gastos certificados e a cada unha xuntarase o correspondente xustificante de pagamento.

Os gastos que se subvencionarán deberán respectar o disposto na Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2007-2013 e na Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo, que a modifica e o establecido ao respecto nas bases reguladoras. En todo caso debe terse en conta que:

– Os gastos de persoal xustifícanse con nóminas pagadas, documentos de cotización á Seguridade Social pagados e documentos acreditativos da retención a conta do IRPF, na xustificación debe constar (preferentemente na memoria) a asignación da persoa ás tarefas, as súas funcións e competencias e o tempo desempeñado.

– Na xustificación de gastos de desprazamentos é necesario presentar a orde de servizo asinada pola persoa responsable da entidade onde se indiquen o motivo do desprazamento, a data e lugar, os datos de identidade da persoa que realiza o servizo, o custo deste co método de cálculo e o documento acreditativo do pagamento.

– Os gastos indirectos e xerais presentarase xunto co documento en que a entidade estableceu, de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas, o método, equitativo e xustificado, de rateo para a súa imputación de acordo co gasto real incorrido e na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a acción e sexan efectivamente necesarios para a súa execución, tendo en conta que as entidades son responsables da veracidade e exactitude dos custos xerais imputados, dos criterios de repartición empregados e de manter os rexistros e a documentación xustificativa soporte dos custos e dos cálculos á disposición dos órganos de control.

– Cando o programa fose financiado, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras axudas ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ao programa subvencionado.

– A data límite de xustificación é a data límite de realización de gastos e tamén a data límite de realización dos pagamentos dos ditos gastos, sen prexuízo do disposto no punto 2 do artigo 16 das bases reguladoras.

Sétimo. As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto,

en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o financiamento das súas actuacións con fondos da Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral da Igualdade e do Fondo Social Europeo. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo no cal aparezan os anagramas da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo en aplicación do disposto na normativa aplicable. Na páxina web oficial da Secretaría Xeral da Igualdade infórmase das características do dito cartel e dos logos e lendas de obrigada inclusión.

Cando o proxecto teña publicidade nun sitio da internet, deberán figurar na súa páxina de inicio e en lugar visible as citadas referencias; cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares).

Cando o proxecto dea lugar a documentación (manuais, cadernos, enquisas, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na dita documentación as citadas referencias, que se colocarán na contraportada no caso das publicacións.

Oitavo. De acordo co disposto no artigo 18 das bases reguladoras, o incumprimento por parte das entidades beneficiarias de calquera das obrigas establecidas na normativa aplicable a estas subvencións, incluída a publicidade das accións subvencionadas dará lugar, logo de o oportuno expediente, á obriga de reintegrar a contía indebidamente percibida e aos xuros de demora correspondentes e, se é o caso, á perda do dereito ao cobramento das cantidades pendentes de percibir, conforme o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Noveno. As entidades beneficiarias das subvencións adquiren os compromisos e obrigas que, de conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se establecen no artigo 13 das bases reguladoras, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable.

Décimo. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a secretaria xeral da Igualdade, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao desta publicación, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada

pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao desta publicación, de acordo co establecido nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2012

Susana López Abella
Secretaria xeral da Igualdade

ANEXO I

	Procedemento SI427A Número expte.	Solicitante (orde alfabético)	NIF	Programa	Tope de axuda	Ptos.	Importe concesión	Tipo de axuda/gasto subvencionable
1	2012/000061-0	Asociación Antonio Noche	G15210388	Atención a mulleres en situación de vulnerabilidade	21.700,00	70,00	21.700,00 €	Gasto corrente e de persoal
2	2012/000049-0	Asociación axuda ao toxicómano Érguete	G36642726	Programa de intervención socioeducativa para mulleres reclusas	22.400,00	56,00	20.832,00 €	Axuda por incentivo
3	2012/000050-0	Asociación axuda a la vida AYUVI	G36802536	Programa tu puedes	11.100,00	66,00	10.878,00 €	Gasto corrente e de persoal
4	2012/000062-0	Asociación axuda y atención al preso	G15414667	Programa de atención a mulleres reclusas	8.900,00	70,00	8.900,00 €	Gasto corrente e de persoal
5	2012/000014-0	Asociación de loita contra os malos tratos ALMAT	G15717721	Servizo de atención a vítimas	10.000,00	68,00	9.900,00 €	Gasto de persoal
6	2012/000013-0	Asociación de mulleres Algueirada de Manzaneda	G32354227	Servizo de apoio a mulleres maiores soas	12.800,00	56,00	11.904,00 €	Gasto de persoal
7	2012/000011-0	Asociación de mulleres Anel	G32207516	Servizo semas	29.100,00	61,00	27.645,00 €	Gasto de persoal e despraz.
8	2012/000078-0	Asociación de mulleres profesionais e autónomas de Galicia AMPAGA	G70251590	Programa ampo	7.000,00	29,00	5.530,00 €	Gasto de persoal
9	2012/000081-0	Asociación Dignidad Ferrol	G15500853	Programa a apoio a xestantes	10.200,00	55,00	9.384,00 €	Axuda por incentivo
10	2012/000055-0	Asociación Down Coruña	G15731466	Atención integral a mulleres con síndrome Down	14.400,00	43,00	12.384,00 €	Gasto de persoal
11	2012/000067-0	Asociación Down Ourense	G32311870	Programa de atención a mulleres con síndrome Down	7.600,00	45,00	6.612,00 €	Gasto de persoal
12	2012/000066-0	Asociación e-Integralia	G32412678	Programa muller integra	4.000,00	37,00	3.320,00 €	Gasto de persoal

	Procedemento SI427A Número expte.	Solicitante (orde alfabético)	NIF	Programa	Tope de axuda	Ptos.	Importe concesión	Tipo de axuda/gasto subvencionable
13	2012/000002-0	Asociación empresarial de mulleres empresarias de Ourense	G32104663	Programa ame apoia III	5.300,00	56,00	4.929,00 €	Gasto de persoal
14	2012/000019-0	Asociación Íntegro para a diversidade funcional	G15173263	Servizo de información e ases para mulleres con diversidade funcional	12.900,00	37,00	10.707,00 €	Gasto de profesionais área muller
15	2012/000035-0	Asociación Labregas	G15945686	Programa de sensibilización, prevención social e dinamización comunitaria	30.000,00	55,00	27.600,00 €	Gasto de persoal
16	2012/000008-0	Asociación lucense de axuda a enfermos mentais ALUME	G27198977	Centro pluriasistencial para vítimas de violencia	35.200,00	70,00	35.200,00 €	Gasto corrente e de persoal
17	2012/000073-0	Asociación para a síndrome de Down «Down Pontevedra Xuntos»	G36164887	Proxecto de atención integral a mulleres con síndrome Down	10.200,00	28,00	7.956,00 €	Gasto de persoal
18	2012/000045-0	Asociación para a síndrome de Down «Down Vigo»	G36697324	Recursos de apoio e mellora de oportunidades na formación e inserción	18.800,00	47,00	16.544,00 €	Gasto de persoal
19	2012/000089-0	Asociación para a síndrome de Down de Lugo	G27202043	Servizo de atención integral a mulleres con discapacidade intelectual	13.500,00	50,00	12.150,00 €	Gasto de persoal
20	2012/000028-0	Asociación pro saúde mental A Creba	G15476310	Programa para mulleres con discapacidade no rural	20.600,00	57,00	19.158,00 €	Gasto de persoal
21	2012/000040-0	Asociación proxectos globais de inserción sociolaboral Alar Galicia	G15775901	Programa súmate 2012	14.000,00	35,00	11.480,00 €	Gasto de persoal
22	2012/000001-0	Asociación Rede mulleres veciñais contra os malos tratos	G36928646	Programa re-actívale	14.800,00	56,00	13.764,00 €	Gasto de persoal
23	2012/000054-0	Asociación RedMadre Coruña	G70180229	Servizo de intervención social para mulleres xestantes e lactantes	24.400,00	70,00	24.400,00 €	Axuda por incentivo
24	2012/000071-0	Asociación RedMadre Ourense	G32394082	Proxecto nais de apoio a embarazadas e nais lactantes	8.700,00	70,00	8.700,00 €	Gasto de persoal
25	2012/000085-0	Asociación RedMadre Pontevedra	G27707686	Programa de atención psicosocial a xestantes e lactantes nais 2012	22.800,00	70,00	22.800,00 €	Gasto de persoal
26	2012/000030-0	Asociación Rexurdir de actividades sociais	G36046241	Programa de atención a xestantes	4.300,00	27,00	3.354,00 €	Gasto de persoal
27	2012/000020-0	Asociación síndrome Down Teima	G15458060	Servizo de atención a xestantes	10.200,00	61,00	9.690,00 €	Gasto de persoal
28	2012/000086-0	Asociación sociocultural para a formación e emprego ASFEM	G27255108	Programa de apoio e acompañamento a mulleres inmigrantes	6.500,00	52,00	5.915,00 €	Gasto de persoal
29	2012/000075-0	Betania de Jesús Nazareno	R1500247J	Centro de acollida para mulleres (e os/as seus fillos/as) en situación de risco	36.200,00	70,00	36.200,00 €	Axuda por ocupación

	Procedemento SI427A Número expte.	Solicitante (orde alfabético)	NIF	Programa	Tope de axuda	Ptos.	Importe concesión	Tipo de axuda/gasto subvencionable
30	2012/000052-0	Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela	R1500053B	Programa grávida	15.500,00	68,00	15.345,00 €	Gasto de persoal
31	2012/000080-0	Cáritas Diocesana Tui Vigo	R3600368I	Programa bolboreta	21.500,00	45,00	18.705,00 €	Gasto de persoal
32	2012/000010-0	Confederación Galega de Persoas con Discapacidade COGAMI	G32115941	Servizo de atención especializada a mulleres con discapacidade	32.000,00	55,00	29.440,00 €	Gasto de persoal
33	2012/000025-0	Congregación Hijas del Divino Celo	R0800037D	Centro de acollida para mulleres (e os/as seus fillos/as) en situación de vulnerabilidade	19.800,00	66,00	19.404,00 €	Gasto corrente e de persoal
34	2012/000007-0	Congregación Religiosas Siervas de la Pasión	R0800086A	Centro de atención a xestantes	40.000,00	65,00	38.800,00 €	Axuda por ocupación
35	2012/000065-0	Entidade prestadora de servizos CIMO	G32010449	Clube de emprego de mulleres reclusas e exreclusas	3.200,00	65,00	3.104,00 €	Gasto de persoal
36	2012/000012-0	Federación de asociacións de mulleres Anaral	G32362279	Servizo de apoio a mulleres maiores soas	22.900,00	62,00	21.984,00 €	Gasto de persoal
37	2012/000022-0	Federación de asociacións de xordos do país galego FAXPG	G15068091	Recursos de apoio a mulleres con discapacidade auditiva e visual	29.000,00	64,00	28.130,00 €	Gasto de persoal
38	2012/000079-0	Federación de autónomos de Galicia FEAGA	V15440639	Programa paimega	21.100,00	29,00	16.669,00 €	Gasto de persoal
39	2012/000092-0	Federación de mulleres rurais de Ourense FEMURO	G32237869	Programa concilia e emprego	17.500,00	64,00	16.975,00 €	Gasto de persoal
40	2012/000033-0	Federación EFA Galicia	G15299357	Programa mulleres con proxecto	33.000,00	56,00	30.690,00 €	Gasto de persoal
41	2012/000034-0	Federación galega de institucións para a síndrome Down «Down Galicia»	G15665144	Información, asesoramento e orientación laboral a mulleres con discapacidade intelectual	15.600,00	43,00	13.416,00 €	Gasto de persoal
42	2012/000009-0	Federación galega de redeiras artesás O Peirao	G15969868	Programa entrededeiras	10.100,00	32,00	8.080,00 €	Gasto de persoal
43	2012/000032-0	Fundación Amigos de Galicia	G15859911	Programa de apoio a vítimas de violencia	36.400,00	69,00	36.036,00 €	Gasto de persoal
44	2012/000024-0	Fundación Down Compostela	G70040258	Programa de habilidades adaptativas	9.100,00	45,00	7.917,00 €	Gasto de persoal
45	2012/000017-0	Fundación Érguete Integración	G36861078	Proxecto eva	12.900,00	69,00	12.771,00 €	Gasto corrente e de persoal
46	2012/000037-0	Fundación Monte do Gozo Proxecto home Galicia	G15258213	Programa de axuda a mulleres en risco de exclusión	16.600,00	47,00	14.608,00 €	Gasto de persoal
47	2012/000060-0	Fundación Ronsel	G15752660	Programa Xerentas	11.900,00	50,00	10.710,00 €	Gasto de persoal
48	2012/000087-0	Fundación Secretariado Gitano	G83117374	Promoción da muller xitana	5.300,00	52,00	4.823,00 €	Gasto de persoal
49	2012/000083-0	Fundación Universidade da Coruña	G15597289	Programa assessment week	30.500,00	61,00	28.975,00 €	Gasto de persoal e axuda por incentivo

	Procedemento SI427A Número expte.	Solicitante (orde alfabético)	NIF	Programa	Tope de axuda	Ptos.	Importe concesión	Tipo de axuda/gasto subvencionable
50	2012/000088-0	HH.TT.FF.Rebaño de María Obra social «Si a la Vida»	R1100013J	Proxecto si a la vida	15.600,00	70,00	15.600,00 €	Gasto de persoal
51	2012/000041-0	ONG Aliad-Ultreia	G27021120	Proxecto donas	8.600,00	66,00	8.428,00 €	Gasto de persoal
52	2012/000059-0	ONG Mestura	G15940414	Programa ne-nei-ras	14.900,00	70,00	14.900,00 €	Gasto corrente e de persoal
53	2012/000058-0	ONGd Ecos do Sur	G15354483	Programa apoio a nais	21.500,00	70,00	21.500,00 €	Gasto de persoal
54	2012/000036-0	Sindicato labrego galego SLG-secretaría das mulleres	G27023951	Programa punto delas	29.500,00	53,00	26.845,00 €	Gasto de persoal
55	2012/000023-0	Unión Xeral de Traballadores de Galicia UXT	G15383011	Servizo de atención a mulleres xestantes	7.200,00	43,00	6.192,00 €	Gasto de persoal

ANEXO II

	Procedemento SI427A Número expte.	Entidade solicitante (orde alfabético)	NIF	Causas
1	2012/000015-0	Asociación ANDREA	G36504207	Art. 1 convocatoria e 3 das bases reguladoras: entidade non rexistrada na área de igualdade do rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais
2	2012/000004-0	Asociación amigos da cultura e do ocio Aires Nosos	G32369696	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
3	2012/000003-0	Asociación de axuda ao toxicómano Rexurdir Provincial	G36208387	Art. 1 convocatoria e 3 das bases reguladoras: centro non autorizado segundo o rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais
4	2012/000077-0	Asociación de empresarias profesionais e emprendedoras da comarca de Ferrol AECOFE	G70036488	Art 7.3 das bases reguladoras: incumprimento do requisito de emenda e/ou achega da documentación requirida no prazo establecido
5	2012/000043-0	Asociación de familias de persoas con discapacidade psíquica Amicos	G15747678	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
6	2012/000026-0	Asociación de mulleres Pedra Vella	G36837433	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
7	2012/000068-0	Asociación de mulleres rurais Alumear'	G32350555	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
8	2012/000084-0	Asociación de persoas xordas de Ourense	G32015463	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
9	2012/000046-0	Asociación española contra o cancro AECC	G28197564	Art 7.3 das bases reguladoras: incumprimento do requisito de emenda e/ou achega da documentación requirida no prazo establecido
10	2012/000072-0	Asociación Española Contra o Cancro Xunta Provincial	G28197564	Art 7.3 das bases reguladoras: incumprimento do requisito de emenda e/ou achega da documentación requirida no prazo establecido

	Procedemento SI427A Número expte.	Entidade solicitante (orde alfabético)	NIF	Causas
11	2012/000070-0	Asociación fibromialxia e fatiga crónica AFFOU	G32303802	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
12	2012/000053-0	Asociación Mirabal	G70312954	Art. 7.3 das bases reguladoras: incumprimento do requisito de emenda e/ou achega da documentación requirida no prazo establecido
13	2012/000048-0	Asociación mulleres empresarias da provincia de Lugo AELU	G27105220	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables no período de referencia
14	2012/000063-0	Asociación mulleres separadas e divorciadas de Ourense	G32152563	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
15	2012/000031-0	Asociación pais de persoas con discapacidade intelectual ASPAS	G15031537	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables no período de referencia
16	2012/000042-0	Asociación para xoves con capacidades psíquicas reducidas Integrados	G15973357	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
17	2012/000064-0	Asociación Prevención da exclusión social APES	G32383549	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
18	2012/000005-0	Asociación promoción integración gitana	G27017987	Art. 7.3 das bases reguladoras: incumprimento do requisito de emenda e/ou achega da documentación requirida no prazo establecido
19	2012/000029-0	Asociación Tempus	G15681000	Art. 7.3 das bases reguladoras: incumprimento do requisito de emenda e/ou achega da documentación requirida no prazo establecido
20	2012/000044-0	Asociación viguesa de alcoholoxía	G36627453	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
21	2012/000021-0	Asociación viudas María Andrea	G32014334	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
22	2012/000069-0	Asociación Xarela Formación Animación	G32261307	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
23	2012/000016-0	Cáritas Diocesana de Ourense	R3200098F	Art. 2 das bases reguladoras e demais normas aplicables: concorrencia con incompatibilidade de axudas do propio departamento
24	2012/000039-0	Cáritas Interparroquial da Coruña	R1500053B	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
25	2012/000027-0	Centro cultural A. R. Valladares	G36617082	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
26	2012/000006-0	Centro de desenvolvemento rural Portas Abertas	G32122384	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables

	Procedemento SI427A Número expte.	Entidade solicitante (orde alfabético)	NIF	Causas
27	2012/000047-0	Congregación de R.R. Adoratrices	R3200065E	Art. 2 das bases reguladoras e demais normas aplicables: concorrencia con incompatibilidade de axudas do propio departamento
28	2012/000056-0	Cruz Vermella Española	Q2866001G	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
29	2012/000051-0	Federación asociacións de mulleres rurais de Galicia FADEMUR	G70101647	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
30	2012/000074-0	Fundación Amigos de la Barrera	G32321978	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
31	2012/000057-0	Fundación Canaria Radio Eccla	G35103431	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
32	2012/000076-0	Fundación Ferrol Metrópoli	G15743719	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
33	2012/000018-0	Fundación para el desarrollo de la empleabilidad y la formación FUNDEFO	G15859689	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
34	2012/000090-0	Fundación Preescolar na casa	G27268689	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
35	2012/000038-0	ONG Médicos do Mundo Galicia	G79408852	Art. 1 das bases reguladoras: acción non susceptible de inclusión no ámbito da convocatoria por non reunir todos os requisitos de definición e desenvolvemento das accións subvencionables
36	2012/000082-0	Patronato Concepción Arenal	G15030372	Art 7.3 das bases reguladoras: incumprimento do requisito de emenda e/ou achega da documentación requirida no prazo establecido